

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	5º Inf.	9 / 8 / 8	315 / 280 / 280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	66
4.2. Materiais e recursos didácticos	69
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	71
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	72
6. Medidas de atención á diversidade	73
7.1. Concreción dos elementos transversais	73
7.2. Actividades complementarias	76
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	78
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	79
9. Outros apartados	79

## 1. Introducción

Esta programación didáctica planifica unha proposta globalizada das tres áreas de educación infantil:

- Comunicación e Representación da Realidade (CRR).
- Crecemento en Harmonía (CH).
- Descubrimento e Exploración da Contorna (DEC).

Para a súa elaboración se ten en conta o marco normativo que regula o currículo da etapa:

- O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- A Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

A programación divídese en 10 secuencias didácticas:

6 SECUENCIAS DIDÁCTICAS: En cada trimestre están plantexadas 2 secuencias

- SECUENCIA 1 : AS TRASNIÑAS E TRASNIÑOS IMOS AO FIC BUEU
- SECUENCIA 2: AS TRASNIÑAS E OS TRASNIÑOS NAS FESTAS: SAMAÍN, MAGOSTO E NADAL
- SECUENCIA 3: OS ANIMAIS FAVORITOS DOS TRASNOS
- SECUENCIA 4: TROULENADO NA PEDRA
- SECUENCIA 5: SOMOS PROTAGONISTAS.
- SECUENCIA 6: OS CONTOS DOS TRASNOS

1 SECUENCIA ANUAL: IMOS DE ROMERÍA: SOMOS POLBEIROS E POLBEIRAS: esta secuencia transversal está enmarcada dentro do proxecto de innovación da lingua galega que desvoveremos xunto co resto do centro.

1 SECUENCIA ANUAL DE LINGUA INGLESA

1 SECUENCIA ANUAL DE EDUCACIÓN MUSICAL

1 SECUENCIA ANUAL DE PSICOMOTRICIDADE

Esta programación está deseñada para un grupo de 25 alumnos e alumnas de 5º de educación infantil do CEIP P. A PEDRA de Bueu

A programación didáctica estará en continua revisión para modificar ou adaptar aqueles aspectos, tanto no curso actual como de cara a vindeiros cursos, que poidan mellora o proceso de ensino e aprendizaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1			1	1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1	1		
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1	1	1			1	1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1						
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1						1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1		1	
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1	1	
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1		1			
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1	1	1		
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1			1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.						1	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	AS TRASNIÑAS E TRASNIÑOS IMOS AO FIC BUEU	Secuencia didáctica baseada na saída ao festival de cinema da nosa localidade.	75	X		
2	AS TRASNIÑAS E OS TRASNIÑOS NAS FESTAS: SAMAÍN, MAGOSTO E NADAL	Esta secuencia didáctica engloba os aspectos máis significativos das festas do Samaín, Magosto e Nadal.	100	X		
3	OS ANIMAIS FAVORITOS DOS TRASNOS	Con esta secuencia didáctica coñeceremos e traballaremos as características, os coidados e os diferentes habitats dos animais.	100		X	
4	TROULEANDO NA PEDRA	nesta secuencia didáctica traballaremos a creatividade e a expresión artística coa celebración do Entroido no segundo trimestre. Abordaranse os costumes e as tradicións típicas do entroido a través da gastronomía, da confección disfraces, da preparación dun desfile etc.)	170		X	
5	SOMOS PROTAGONISTAS	As trasniñas e trasniñas xunto coas súas familias serán os protagonistas ao longo dun día no que realizaremos un obradoiro xunt@s	25			X
6	OS CONTOS DOS TRASNOS	A través dos contos traballaremos o día do libro, a semana das letras e as emocións das trasniñas e os trasniños	100			X
7	IMOS DE ROMERÍA: SOMOS POLBEIROS E POLBEIRAS	Esta unidade didáctica é transversal e está plantexada para impartirse durante todo o ano. Traballarase de xeito paralelo co resto de unidades didácticas dada a súa importancia no proceso educativo das nenas e dos nenos xa que pretende traballar aspectos das relacións sociais (xestión de conflitos, de emocións, relaxación, dinámicas de cohesión de grupo...), de autoconecemento (autorregulación emocional...), de rutinas de aula (assemblea, encargados, tarefas diarias como regar, preparar merendas, recoller a aula, limpar...).	200	X	X	X
8	Á ESCENA, QUE COMECE O ESPECTÁCULO!	Actividades de psicomotricidade para axudar aos nenos/as a coñecer o seu corpo, desenrolar e dominar	35	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Á ESCENA, QUE COMECE O ESPECTÁCULO!	os seus movementos corporais, controlar as súas emocións e mellorar a relación e comunicación cos demais.	35	X	X	X
9	MÚSICA NO TEMPO	Nesta unidade didáctica traballaremos o ritmo, melodía e interpretacións de cancións e bailes con la utilización de instrumentos musicales para contribuir a desenvolver nos nenos a creatividade, expresión e o gusto pola música e arte en xeral.	35	X	X	X
10	HAVING FUN WITH ENGLISH	Emprego do Inglés incorporando rutinas cotiás, xogos, cancións, vocabulario e expresións que lles permitan o contacto coa lingua inglesa de xeito natural ao tratar os distintos contidos do curso.	35	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	AS TRASNIÑAS E TRASNIÑOS IMOS AO FIC BUEU	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa en situacións comunicativas de diverso tipo	TI
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos a partir das súas calidades ou atributos	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos traballados	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafas nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica e asocia as cantidades cos seus números e grafas	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Avanza na construción dunha imaxe positiva propia, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece elementos xeométricos básicos traballados	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Utiliza nocións temporais básicas	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Avanza na xestión da frustración.	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Iniciase en actividades STEAM	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Realiza actividades de autocoidado e coidado da contorna mostrando iniciativa	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresa ideas a través do relato oral	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Valora a necesidade de coidar e respectar aos seres vivos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Utiliza códigos escritos para comunicarse	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica algunha característica textual e paratextuais	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valora a importancia das relacións sociais	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca respectando as normas de uso	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa gustos sobre manifestacións artísticas explicando as emocións	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Interpreta corporalmente mensaxes expresadas noutras linguas	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas mostrando unha actitude curiosa	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> </ul>

## Contidos

- Descubrimiento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e graffía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	AS TRASNIÑAS E OS TRASNIÑOS NAS FESTAS: SAMAÍN, MAGOSTO E NADAL	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA



<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre os obxectos a partir das súas calidades e atributos	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos traballados	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica e asocia cantidade e grafía dos números traballados	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Participa en diferentes situacións das dúas linguas cooficiais	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Manipula e actúa sobre os obxectos e manifesta hipóteses	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Avanza na tolerancia á frustración	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Avanza na súa motricidade final	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Fai un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Fai un uso responsable dos elementos naturais	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostra interese por comunicarse a través de códigos escritos	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Mostra unha actitude respetuosa	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa e coñece festas, costumes e tradicións propias e alleas	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elabora creacións plásticas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.
- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- A escola.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.

UD	Título da UD	Duración
3	OS ANIMAIS FAVORITOS DOS TRASNOS	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos	
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta mensaxes transmitidas noutras linguaxes	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos traballados	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica e asocia as cantidades cos números e grafías traballados	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Expresa sensacións que percibe a través dos sentidos	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece elementos xeométricos básicos	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Identifica as nocións espaciais básicas	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Recoñece e utiliza as nocións temporais básicas	TI
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica e manifesta os propios sentimentos	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais para resolver retos ou problemas mostrando iniciativa	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Aumenta o seu repertorio comunicativo	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Observa fenómenos naturais presentes no medio físico e establece relacións causa-efecto	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Identifica algúns trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Avanza na autonomía, colabora nas tarefas e acepta as normas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Utiliza códigos escritos para comunicarse	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecta as rutinas marcadas e móstrase respectuoso	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Avanza na súa motricidade fina	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Descubre profesións, servizos e organizacións da contorna	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca respectando as súas normas de uso	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Elabora creacións plásticas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os seres vivos e as súas características.</li> <li>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.</li> <li>- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	TROULEANDO NA PEDRA	170

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Avanza na representación do esquema corporal	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Asocia e identifica cantidade, número e grafía dos números traballados	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Usa o corpo ou outros materiais para medir	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Aumenta o seu vocabulario nas linguas oficiais	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos dirixidos e espontáneos	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Avanza no desenvolvemento do pensamento computacional	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece e pide axuda	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Descubre e identifica algúns elementos do patrimonio natural	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar a secuencia temporal estipulada	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Utiliza códigos escritos para comunicarse	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica algunha característica textuais e paratextuais	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identifica algúns elementos do patrimonio cultural galego	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais da contorna	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa gustos, preferencias e opinións	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elabora creacións plásticas	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Avanza no uso de xeito responsable das ferramentas tecnolóxicas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e graffa. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.</li> <li>- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> <li>- Memorización e recitado de textos literarios.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.</li> <li>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	SOMOS PROTAGONISTAS	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos a partir das súas calidades ou atributos	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos traballados	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica e asocia grafía e cantidade dos números traballados	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Avanza no autoconcepto	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Avanza nas súas habilidades comunicativas	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece os elementos xeométricos básicos traballados	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Utiliza o vocabulario topolóxico traballado	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Avanza no control da frustración ante dificultades ou problemas	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Avanza no control das emocións propias	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora as particularidades lingüísticas	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Mostra coidado, respecto e protección cara o medio natural	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Fai un uso funcional da linguaxe oral e amplía o seu vocabulario.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Fai uso la linguaxe oral, e coñece outras linguaxes expresivas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Utiliza códigos escritos para comunicarse	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identifica o seu núcleo familiar e escolar	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Progresa na relación positiva cos iguais	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresáse con diversas linguaxes	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Progresa no control corporal	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Iníciase no uso dalgúns medios e ferramentas dixitais coa guía da persoa adulta.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> </ul>



## Contidos

- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
6	OS CONTOS DOS TRASNOS	100

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos a partir das súas calidades ou atributos	TI
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa en situacións comunicativas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Avanza na representación do esquema corporal	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica e asocia grafía e cantidade dos números traballados	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Utiliza as nocións temporais básicas	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Utiliza o corpo ou outros materiais para medir	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica e manifesta os propios sentimentos e emocións	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Usa as dúas linguas cooficiais	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en contextos de xogo	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresa inquietudes gustos e preferencias	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Fai un uso responsable dos elementos naturais	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Usa a linguaxe oral para expresarse	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Mostra iniciativa e confía nas súas posibilidades	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Utiliza códigos escritos para comunicarse	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Recoñece aos membros da súa familia	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Avanza no proceso de achegamento á produción de textos	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificas algunhas características dalgún texto.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Participa con respecto na escoita e lectura de textos literarios	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa en actividades de aproximación á literatura infantil	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas mediante distintas manifestacións	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Móstrase respetuoso coas producións dos demais	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.</li> <li>- Relacións de parentesco.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.</li> <li>- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.</li> <li>- Planificación da acción en producións plásticas.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	IMOS DE ROMERÍA: SOMOS POLBEIROS E POLBEIRAS	200

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresase a través de distintas manifestacións	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Asocia grafía e cantidade dos números traballados	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Avanza no control progresivo da coordinación e da motricidade fina	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Avanza no control das súas emocións	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Utiliza as expresións de convencións sociais básicas	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Avanza na autonomía na resolución de problemas	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece e pide axuda	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa nos proxectos da aula	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Coida e respecta o medio natural e os animais	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Mostra actitudes beneficiosas de autocoidado	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece algúns elementos do patrimonio natural	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a linguaxe oral de xeito funcional	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Utiliza códigos escritos para comunicarse	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa en xogos e actividades con actitudes positivas e non discriminatorias	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participa no xogo simbólico respetuoso e non estereotipado	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Relacións de parentesco.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
7	IMOS DE ROMERÍA: SOMOS POLBEIROS E POLBEIRAS	200

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresase a través de distintas manifestacións	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Asocia grafía e cantidade dos números traballados	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Avanza no control progresivo da coordinación e da motricidade fina	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Avanza no control das súas emocións	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Utiliza as expresións de convencións sociais básicas	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Avanza na autonomía na resolución de problemas	TI
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece e pide axuda	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa nos proxectos da aula	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Coida e respecta o medio natural e os animais	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Mostra actitudes beneficiosas de autocoidado	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece algúns elementos do patrimonio natural	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a linguaxe oral de xeito funcional	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Utiliza códigos escritos para comunicarse	

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa en xogos e actividades con actitudes positivas e non discriminatorias	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participa no xogo simbólico respetuoso e non estereotipado	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Utiliza distintas linguaxes para comunicarse	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Mostra unha actitude positiva ante os valores de respecto e igualdade	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece algúns elementos do patrimonio cultural Galego	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa con respecto e actividades relacionadas con costumes e tradicións da contorna	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Móstrase respetuoso nas súas valoracións	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explora as posibilidades expresivas do seu corpo	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Utiliza as ferramentas dixitais para expresarse	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> </ul>

## Contidos

- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Respeto e protección do medio natural. Respeto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Respeto cara ás producións alleas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
8	Á ESCENA, QUE COMECE O ESPECTÁCULO!	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa no coñecemento do seu corpo	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Coordina o corpo e o movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor como carreiras, saltos	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Confía nas súas posibilidades de acción e movemento	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Participa con iniciativa en xogos e actividades de grupo con respecto, empatía e evitando todo tipo de discriminación	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas de xogo e identifica as situacións de risco	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Móstrase conciliador/a nos conflitos que xorden en actividades lúdicas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	MÚSICA NO TEMPO	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	-	TI
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	-	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	-	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	-	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Descubrimiento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.</li> <li>- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> </ul>

Contidos
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.

UD	Título da UD	Duración
10	HAVING FUN WITH ENGLISH	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese e curiosidade pola lingua e o vocabulario presentado.	TI
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Utiliza con normalidad o vocabulario básico de interacción utilizado na clase.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Entende e interpreta as principais mensaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación combina e relaciona as aprendizaxes do currículo das tres áreas planificando 7 unidades didácticas, deseñadas dun xeito aberto e amplo para dar cabida a diferentes propostas globalizadas de aprendizaxe, que sexan estimulantes e con interese para o grupo de alumnado en cada momento do curso. Deste modo, para cada un dos trimestres plantéxanse tres unidades didácticas:

Dúas unidades didácticas diferentes en cada trimestres cada unha delas cun obxectivo diferente:

- Unidades didácticas de investigación (UD1, UD3 e UD5): presenta a oportunidade de conectar cos intereses reais das nenas e dos nenos a través da elaboración de proxectos ou pequenas investigacións sobre diversas temáticas, permitindo afondar nas mesmas en función das características persoais do alumnado.

- Unidades didácticas "creativa e artística" (UD2, UD4 e UD6): orientada ás festividades, conmemoracións, acontecementos especiais, festas tradicionais, etc. que teñen lugar durante o curso escolar, abordándoa desde unha perspectiva lúdica e creativa e cun enfoque artístico.

E unha unidade didáctica transversal (UD7) durante todo o curso que aborda aspectos relacionados co PDI do centro coa educación emocional e a dimensión social que raramente van desconectados do quefacer diario da aula.

Polo tanto en cada trimestre impartiranse tres unidades:

- 1º trimestre: UD1, UD2 e UD7
- 2º trimestre: UD3, UD4 e UD7
- 3º trimestre: UD5, UD6 e UD7

De xeito xeral, teranse en conta estes aspectos no deseño das actividades propostas en cada unidade didáctica:

- Darase moita importancia á afectividade: as nenas e os nenos deben sentirse seguros, queridos, respectados, escoitados... para construír unha autoimaxe axustada e positiva.
- O papel da mestra ou mestre será a de guía, animadora e de apoio e acompañante no proceso de aprendizaxe. Así todas as propostas estarán centradas no alumnado e a mestra ou mestre axudará a que as nenas e nenos procedan por si mesmos e aprendan a través das propostas e dos materiais e tamén a través das observacións entre elas e eles.
- Fomentárase un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións e a desvalorización.
- Favorecerase que o alumnado exprese libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, e por iso débense crear as condicións para que sexa escoitado, aceptado e respectado nas súas diferencias (fundamentalmente a través das asembleas e círculos).
- Valorárase o erro como fonte de construción de coñecemento, creando un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, en que cada neno se sinta con confianza.
- O ambiente de aprendizaxe será amable e agradable, cómodo e seguro, coidando de xeito especial o seu equilibrio estético, a súa versatilidade e a interacción e relación coas persoas e cos obxectos.

Como indicacións particulares respecto a cada unha das áreas, destácanse as principais liñas de actuación:  
Área de Comunicación e Representación da Realidade (CRR):

- Crearanse as condicións necesarias para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen primar ningunha por enriba das demais.
- Favorecerase un vínculo de apego seguro, e para elo a mestra ou mestre debe acoller afectuosamente as mensaxes do alumnado e ofrecer contacto físico cálido e atención plena.
- Crearase un ambiente de comunicación pracenteiro para as nenas e nenos: oferta de modelos lingüísticos variados, correctos e de beleza literaria; a persoa docente deberá coidar as súas intervencións.
- Deseñaranse propostas de aprendizaxe que favorezan a transferencia entre as diversas linguaxes e formas de comunicación e expresión e que poñan ao alcance do alumnado variedade de técnicas, recursos e materiais.
- Favoreceranse propostas de aprendizaxe nas que convivan a linguaxe musical e a corporal, así como a expresión visual e plástica, e unha introdución natural e contextualizada dos medios de comunicación visual e dixital.
- Darase moita importancia á comunicación oral (intercambios orais variados para que as nenas e nenos avancen na escoita activa, establecemento de quendas de intervención, construción de discursos cada vez máis coherentes, emprego de fórmulas de cortesía, etc.).
- Empregaranse as diferentes linguas nestes intercambios orais, con especial énfase nas da propia contorna. Estas linguas incorporaranse nas rutinas cotiás, nos xogos, en cancións..., o que permitirá unha inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos.
- No referente á aproximación a lingua escrita, favorecerase o contacto con diferentes tipos de textos e porase especial énfase no aspecto funcional do código escrito (nos prerrequisitos necesarios para o acceso a esta linguaxe: coordinación óculo - manual, fortalecemento da musculatura da man, interiorización da direccionalidade dereita-esquerda, concienciación fonolóxica, memoria auditiva, etc. )
- Resaltarase o valor da biblioteca, tanto a biblioteca do centro como a propia da aula, para achegarlles o mundo literario, como fonte de información e como un espazo máis onde desenvolver a creatividade.

Área de Crecemento en Harmonía (CH):

- Respetaranse os ritmos e as características individuais de cada alumna e alumnado.
- Proporanse propostas de aprendizaxe motivadoras que partan dos coñecementos e experiencias previas do alumnado e nas que valoren os propios logros. Deste modo garantirase a significatividade das aprendizaxes e a funcionalidade do que van aprender.
- Deseñaranse propostas de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións (as propostas desenvolverán aspectos motrices que favorezan a autonomía; a participación en xogos e actividades psicomotrices, pero sempre atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado; a capacidade de aprender por si mesmos; a promoción do en equipo; e actividades que potencien a

curiosidade, a creatividade e a sensibilidade).

- Aproveitaranse as rutinas e outras actividades cotiás como momentos significativos favorecedores do traballo globalizado, incorporando a verbalización das accións coa finalidade de interiorizar as secuencias e iniciar hábitos saudables e de autocoidado.

- Empregarase o xogo simbólico para recrear situacións da vida cotiá buscando as interaccións cos demais, desde a participación, a colaboración, a empatía e a interacción positiva.

Área de Descubrimento e Exploración da Contorna (DEC):

- Procuraranse ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades, a promoción da motivación e o emprego dunha metodoloxía activa.

- Aproveitarse a curiosidade que ten o alumnado por explorar e descubrir o mundo que lle rodea.

- Contextualizaranse as propostas de aprendizaxe a partir das súas experiencias e coñecementos previos para garantir a significatividade.

- Promoverase o emprego de nocións matemáticas, espaciais e temporais, e o desenvolvemento do pensamento lóxico e o método científico.

- Favorecerase a realización de actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas dun xeito progresivamente creativo e autónomo, onde se desenvolva tanto a capacidade de aprender por si mesmos como o traballo en equipo.

- Favorecerase un achegamento á contorna máis próxima fomentando a súa exploración activa e o seu coñecemento, pero tamén dando cabida ao descubrimento daquela realidade algo máis afastada a través de experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos que susciten o interese do alumnado por coñecerlas.

- Promoverase o coñecemento dos elementos propios da cultura galega, pero tamén doutras, sempre desde unha perspectiva aberta e con actitudes de respecto e de aprecio.

Agrupamentos

Para levar a cabo diversas propostas e actividades deseñadas, estableceremos distintos tipos de agrupamento, favorecendo así a atención á diversidade do alumnado:

- Gran grupo, procurando un espazo amplo que permita unírnos, escoitarnos, vernos e compartir. Este agrupamento será especialmente favorecedor nas asembleas, conversas, presentación de materiais ou propostas, dinámicas de grupo e círculos proactivos, lectura grupal de contos ou outros textos literarios, xogos en gran grupo, sesións de psicomotricidade e lingua extranxeira, xogos e actividades musicais (como danzas, bailes, actividades de ritmos...).

- Pequeno grupo ou parellas, que sirva tanto para encontros casuais como intencionais. Este tipo de agrupamento empregarase en xogos de mesa, xogo simbólico, actividades deseñadas nos diferentes ambientes da aula (espazos ou recantos), pequenas tarefas de investigación, propostas sensoriais e manipulativas, actividades colaborativas e cooperativas...

Darase un tempo na xornada diaria que favoreza o pequeno grupo ou as parellas dun xeito natural, onde as nenas e nenas libremente poidan realizar as propostas de aprendizaxe, favorecendo deste modo a axuda mutua e o proceso de imitación que tan importante é na aprendizaxe nesta etapa.

- Procuraranse momentos e espazos para estar sos destinados á relaxación, a tranquilidade, o descanso, o soño, o pensamento... Estes momentos poderán ser dirixidos, sobre todo en propostas que requiran dunha maior concentración e atención ou dunha guía máis estruturada por parte da mestra ou mestre. Ou tamén poderán xurdir dun xeito natural durante a xornada diaria, xa que as crianzas poden precisar de tempos de calma sen que estean previamente programados nun momento determinado.

Espazos:

- Empregarase a aula de referencia pero tamén se empregarán de forma habitual outros espazos do centro como a biblioteca, a zona de horta escolar, o patio ou o ximnasio.

- A aula de referencia está distribuída por ambientes de aprendizaxe, tentando manter a conexión entre todos eles. Os materiais están dispostos de xeito que favorecen a autonomía e a libre elección por parte do alumnado

- O deseño dos espazos debe favorecer os tipos de agrupamentos dun xeito cómodo.

- Coidarase de que o material sempre estea ben presentado e invite tanto ao seu uso como a súa recollida posterior.

- Priorizaranse cores neutras e naturais na decoración da aula, sen sobrecargar o ambiente de estímulos visuais excesivos.

Aspectos a ter en conta no deseño das propostas de aprendizaxe:

- Flexibilidade: organización flexible dos espazos e do tempo, adaptándose e respondendo ás características das

tarefas e ás necesidades e ritmos das nenas e dos nenos.

- Ambiente de calma e tranquilidade: planificados desde unha perspectiva de calma e tranquilidade, afastada da aceleración e poñendo o énfase nos procesos vividos e non tanto nos produtos ou resultados obtidos.

- Combinación de tempos:

a) combinaranse tempos de rutinas con tempos destinados a outras actividades específicas (relacionadas coa vida cotiá e con propostas que favorezan a adquisición das aprendizaxes máis curriculares), sempre respectando as características e necesidades de cada un das crianzas.

b) combinaranse momentos onde teñan cabida as necesidades de movemento das nenas e nenos e os tempos de contacto coa natureza nos espazos exteriores

c) intercalarase actividades máis libres e autónomas con outras máis guiadas pola mestra ou mestre

d) combinaranse momentos de xogos grupais e individuais cos agrupamentos libres e cos organizados pola persoa docente.

**Materiais e recursos:**

Destacar que, non contamos con materiais impresos xerais se non que todo o material de traballo co alumnado é creado polas mestras a partir desta programación propiciando unha adaptación ás características individuais do alumnado durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. No deseño dos materiais e actividades estarán moi presentes os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade diferentes maneiras de acceder á información, diferentes xeitos de expresarse e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. Contamos na aula cunha pizarra dixital interactiva, na que realizamos diversas actividades deseñadas polas mestras dentro de cada unidade didáctica, así mesmo contamos cunha grabadora de audio e cámara dixital para poder facer fotos e vídeos. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible (pinturas, papeis, cartolinas, pegamento...)
Material sensorial (xogos sensoriais, mesa de luz e materiais para empregala, caixas de area...)
Material de expresión artística (utiles diversos, pinturas, arxila...)
Material de psicomotricidade (colchonetas, módulos de gomaespuma, cordas, aros, pelotas...)
Material non estruturado (de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...)
Material de construción (cartóns, tubos, bloques...)
Material lóxico-matemático (regretas, policubos, bloques lóxicos, tangram, ábacos...)
Material de lectoescritura e concienciación fonolóxica (alfabetos móbiles, letras de lixa, caixas de sons...)
Materiais e instrumentos musicais (tambores, maracas, pandeiros...)
Material de xogo simbólico (bonecas, vaixela, tendais e pinzas...)
Ferramentas tecnolóxicas (ordenador de aula, tableta de aula, pantalla interactiva, robots...)
Recursos dixitais (vídeos educativos ou de temáticas diversas relacionados cos proxectos en curso, aula virtual)
Recursos impresos (contos e libros diversos, materiais elaborados polas mestras)

Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poda ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello, etc)
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc)
Materiais específicos de Inglés: Marionetas, láminas de vocabulario, vídeos, cancións, xogos, fichas, etc.

A aula conta con materiais axeitados aos diferentes niveis e intereses do alumnado e, a través das propostas que se fagan con estes materiais, procurarase dar resposta a todas as competencias e capacidades.

Tamén estarán presentes diversos elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado, creando así un ambiente significativo que esperte o interese por explorar e experimentar. Estes materiais están ao alcance dos ollos e das mans, situados en andeis baixos e accesibles.

Ofreceremos certa cantidade de xogos, materiais, actividades e propostas sen amontoar para facilitar o seu acceso e recollida e facilitarase o seu transporte en caixas baixas con bordes, bandexas, cestas, ... Ademais, rotaranse e/ou cambiaranse periodicamente.

O material que se emprega nunha aula de infantil pode ser tanto e tan diverso que o organizamos por categorías para facilitar a súa enumeración. Cómpre indicar que o material dunha categoría pode formar parte doutras categorías, pero para evitar repeticións indícase soamente nunha delas:

- Material funxible: material que se vai gastando co uso como pegamentos, gomas de borrar, lapis de cores, papeis de todo tipo: charol, pinocho, seda, ...
- Material sensorial: material para estimular os cinco sentidos e realizar propostas sensitivas como mesas de luz e retroproectores, caixas de luz e o material para empregalas, caixas de area, sacos de pesos, torre rosa, bloques de cilindros, tabletas de cores, caixas de teas, ...
- Material de expresión artística: materiais para as propostas artísticas como tesoiras, troqueles, materiais para traballar o barro, tales como moldes e ferramentas... arxila, pasta de papel, barro, pinturas diversas: témperas, acuarelas, ceras, rotuladores, ...
- Material de psicomotricidade: material para sesións de psicomotricidade como bloques de gomaespuma, colchonetas, bancos, escaleira de braquiación, pelotas, aros, cordas, teas, ...
- Material non estruturado: resúmese como un caixón de sastre xa que engloba aquel material que se emprega nas aulas e que non ten cabida noutras categorías. Dentro desta categoría englobaríamos o material de refugallo: tubos, cartóns, tapas, ...; elementos da natureza como pedras, palos, follas, ...; pezas soltas: botóns, tapas, botes, anacos de madeira, ...
- Material de construción: material creado especificamente para tal fin como xogos de construción, pezas de madeira, ... e tamén material doutros tipos que podemos empregar nas nosas construcións na aula: tubos e pranchas de cartón, botes de iogur, ...
- Material lóxico-matemático: material para traballar os conceptos matemáticos e a lóxica: xogos diversos, polígonos, números de lixa, bloques lóxicos, dados, regretas, ábacos, tangrams, ...
- Material de lectoescritura e conciencia fonolóxica: materiais que axudan nas actividades de ensino-aprendizaxe relacionados coa lectoescritura e conciencia fonolóxica, tales como alfabetos móbiles, letras de lixa, tarxetas de imaxes, caixas de sons, audios diversos, ...
- Materiais e instrumentos musicais: instrumentos musicais como xilófonos, pandeiros, crócalos, ... e tamén outros materiais que teñen un uso para fins musicais como lazos, vasos, ...
- Material de xogo simbólico; esta categoría é moi ampla xa que nas aulas de Infantil pode haber moito e variado material deste tipo, dende vaixela e louza para a cociña, como a propia cociña en sí, bebés e bonecas diversas con todos os seus complementos, ata disfraces e xogos diversos para recrear profesións diferentes.
- Ferramentas tecnolóxicas: ordenador para o uso docente e panel dixital, proxector, escornabots e beebots, ...
- Recursos dixitais: vídeos educativos de temáticas relacionadas coas unidades didácticas e aplicacións para realizar exercicios.
- Recursos impresos: materiais diversos como posibles traballos en papel realizados pola mestra e fotocopiados para a totalidade da clase, libros de consulta e de lectura, contos, ...

Cómpre tamén describir a importancia dos espazos polo seu carácter educativos e o seu uso como recursos para enriquecer as actividades e propostas das nosas unidades didácticas. Os espazos, tanto do centro como da propia contorna ou vila así como os servizos que esta ofrecen, serán un recurso moi potente para reforzar o traballo dos contidos e axudar no proceso de ensino e aprendizaxe.

As propostas da aula, tal e como se recolle no apartado de metodoloxía, serán activas e manipulativas, polo que todo o material non estruturado e que aporte a natureza será empregado ao longo de todo o curso en diferentes actividades plantexadas.

Sinalar que, non contamos con material didáctico de editorial, os materiais cos que traballa o alumnado son

elaborados polas propias mestras.

MATERIAIS E RECURSOS PSICOMOTRICIDADE

Instalacións para psicomotricidade: unha aula polivalente que fai de ximnasio 4,5 m X 13 m, un pequeno patio exterior cuberto, patios exteriores asfaltados ao redor do centro, areeiro, unha pequena zona con xogos (parque infantil), dúas pequenas zonas de terra unha delas moi inclinada e con árbores.

Material convencional de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, bancos, espaldeiras, tatamis, aros ( diferentes tamaños), cordas (de diferentes tamaños), picas de plástico de diversas medidas, conos, pelotas de plástico de diferentes cores, pelotas de goma-espuma de diversos tamaños, pelotas axeitadas para o bote, o lanzamento e a recepción, ancos, ladrillos, pelotas grandes, canguros, conos de sinalización, globos, sacos, teas, panos,...

Material de refugallo de psicomotricidade: xornais, cartóns, rodas, gomas, bolsas de plástico, vasos iogur, pelotas manipulativas con globos e arroz, pelotas de papel, feitas polos propios alumnos, botellas de plástico recicladas, chapas (plástico/metal)...

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A avaliación inicial realizarase durante o mes de setembro para dispor de información sobre cada alumna e alumno de cara á sesión de avaliación inicial onde se tomarán decisións para a toma de medidas que favorezan a aprendizaxe de cada alumna ou alumno ou do grupo en xeral.

Tipo de información que se desexa obter de cada alumna ou alumno: neste curso, interesa especialmente observar o estado físico e emocional do alumnado e as posibles limitacións e dificultades que presenta. Tamén é importante avaliar os coñecementos previos para definir o punto de partida da aprendizaxe (para esta fin tomarase como referencia a programación do curso anterior para observar e avaliar os coñecementos do alumnado do grupo).

Técnicas e métodos que se pretenden desenvolver para a obtención de información:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións realizadas polo alumnado.



- Observación e diagnóstico do estado físico, emocional.
- Observación sobre os coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.
- Información aportada polas familias nos cursos anteriores.
  - Análise e estudo das actas de avaliacións finais do curso anterior, informes da titora e outros posibles documentos de interese.

Unha vez feita a observación e recollidos os datos, analizaranse para realizar a avaliación do alumnado.

Na sesión de avaliación inicial, teranse en conta a análise aportada por todo o equipo docente do grupo para chegar a acordos de como adaptar a programación para atender as necesidades individuais do alumnado e do grupo.

No caso de alumnado que se matricula ao longo do curso escolar, realizarase a avaliación inicial nese momento, para o que será de axuda entrevistarse coa familia, falar coa persoa titora do centro do que ven ( se é que estivo escolarizado). Unha vez feita a avaliación deste alumnado, realizaranse adaptacións oportunas.

En 5º curso observarase o estado físico e emocional do alumnado e as posibles limitacións e dificultades Tamén é importante avaliar os coñecementos previos para definir o punto de partida. Tomando como referencia a programación do curso anterior observaremos e avaliaremos os coñecementos do alumnado do grupo.

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

O alumnado recibirá unha cualificación cuantitativa global en cada área e tamén recibirá unha cualificación naqueles criterios de avaliación seleccionados en cada trimestre e na avaliación final como susceptibles de ser informados ás familias. O reparto dos criterios de avaliación nas UD e nos trimestres está plantexando de menos a máis, é dicir, hai un reparto progresivo tanto do logro que se pretende co CA (menor esixencia no 1º trimestre que no 3º) como no número de CA de cada trimestre (menor número de CA no 1º trimestre que no 3º trimestre dado que o alumnado debe ir progresado pouco a pouco).

A escala de estimación para valorar tanto a globalidade de cada área como os criterios de avaliación está formada por 3 categorías:

- Sen dificultade: a alumna ou o alumno ten pleno dominio do que o criterio recolle e superou o mínimo de consecución establecido para o mesmo.
  - En proceso: a alumna ou o alumno realizou progresos na consecución do criterios de avaliación pero aínda non adquiriu o mínimo de consecución.
  - Con dificultade: a alumna ou o alumno non adquiriu o mínimo de consecución nin fixo progreso na adquisición do criterio

Se algunha alumna ou alumno non logrou a cualificación de "Sen dificultade" nalgún criterio de avaliación do curso anterior, este será tido en conta pola mestra ou mestre para proceder ao reforzo das aprendizaxes vinculada a ese criterio.

Terase en conta que se un alumno ou alumna se avalía "En proceso" e, sobre todo, "Con dificultade" nun criterio de avaliación nalgún dos trimestres, deberá traballarse de xeito individualizado con esa alumna ou alumno para poder superar ese criterio de avaliación.

Se na avaliación final, algún criterio de avaliación segue a estar cualificado como "Con dificultade", terase en conta de cara a elaborar os informes de final de curso e de etapa.



**Criterios de recuperación:**

Este apartado non se aplica nesta etapa.

**6. Medidas de atención á diversidade**

Para adecuar as medidas e accións educativas a cada alumna e alumno e cumprir cos principios de inclusión, igualdade e non discriminación prestarase atención a:

- A organización dos espazos de forma que cumpra criterios de accesibilidade.
- A adecuación dos tempos e rutinas en base ás necesidades do alumnado (fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares. Se ben é certo que os tempos están condicionados polos tempos do centro educativo, débense respectar na aula os tempos individuais de cada nena e neno, adaptando as actividades ás súas capacidades e ritmos de aprendizaxe. Resulta tamén importante contar nas rutinas diarias con tempos de actividade e de descanso.
  - A organización da aula por recunchos, espazos diferenciados e polivalentes, dotados dos materiais e dos recursos necesarios para as diferentes propostas de aprendizaxe. (Esta organización permite unha atención máis personalizada do alumnado e, polo tanto, adecuada ás súas necesidades, ao proceso de socialización en pequenos grupos e a ofrecer actividades máis afíns cos seus gustos e intereses).
  - A aplicación dos principios do modelo DUA.
    - A flexibilidade e accesibilidade de materiais: os materiais que se empreguen na aula deben ser o suficientemente flexibles no uso para poder dar resposta os obxectivos que pretendemos como a imaxinación, a espontaneidade e a creatividade do alumnado.
      - O emprego de metodoloxías colaborativas e cooperativas e de metodoloxías de gamificación e xogo que favorezan a inclusión e unha aprendizaxe adaptadas aos ritmos psicoevolutivos.
      - A adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de cada alumna e alumno.
      - O emprego das TIC como elemento motivador para o alumnado (aplicacións para a estimulación da linguaxe, do razoamento ou da atención dunha forma divertida, motivadora e adaptable a todo o alumnado)
        - A estimulación continua da iniciativa e do interese por aprender do alumnado.
        - Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións cortas.
        - A secuenciación das tarefas, incluso con referencias visuais como pictogramas e axendas.
        - O traballo con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
        - Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
        - Intervir dende un enfoque multidisciplinar (titoría, departamento de orientación, familia ou titores legais, servizos sanitarios, servizos sociais, servizo de atención temperá do Concello de Bueu, etc.).
        - Colaboración co departamento de orientación sempre que sexa preciso.

Cando as medidas ordinarias non sexan suficiente, terase que contar co apoio do departamento de orientación e/ou mesmo coa intervención das especialidades de audición e linguaxe ou pedagogía terapéutica, así como decidir a aplicación doutras medidas extraordinarias dependendo de cada caso. Destaca aquí a importancia da avaliación inicial do alumnado e da detección temperá das necesidades do alumnado.

Todas as medidas extraordinarias propostas deberán cumprir cos requisitos e co procedemento de autorización regulado na normativa de atención á diversidade.

**7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - A coeducación e a igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - As habilidades comunicativas.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A nosa cultura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A creatividade e emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde e os hábitos de vida saudable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo.		
ET.2 - A coeducación e a igualdade.		X
ET.3 - As habilidades comunicativas.		X
ET.4 - A nosa cultura.		
ET.5 - A creatividade e emprendemento.		
ET.6 - A educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable.		
ET.7 - O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional.		X
ET.8 - A educación para a saúde e os hábitos de vida saudable		

**Observacións:**

Os elementos transversais son abordados desde a complementariedade e a interdisciplinariedade, formando parte da propia dinámica do proceso de ensino e aprendizaxe.

- A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo. Promoverase a resolución pacífica e a través do diálogo dos conflitos que xurdan no grupo. Esta etapa educativa caracterízase polo egocentrismo como característica psicoevolutiva e polo o conflito cos demais como forma do proceso evolutivo. Este elemento transversal aplicarase, especialmente, a través do diálogo, nas asembleas, na resolución pacífica de conflitos, insistindo no respecto cara os demais e a un mesmo.

- A coeducación e igualdade. A igualdade de xénero é un aspecto de vital importancia para a sociedade na que vivimos e que debemos de abordar xa dende a educación infantil, cun trato igualitario nas nenas e nenos, co uso dunha linguaxe non sexista, así como visibilizando mulleres e homes que se dedican a oficios tradicionais e socialmente adxudicados a un ou outro sexo. Tamén é de interese abordar, a través do xogo simbólico, o uso das cores, e aproveitar as conversas ou as situacións que se poidan dar a nivel espontáneo na aula para fomentar o uso dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas, así como a coeducación e a igualdade..

- As habilidades comunicativas. A comunicación é a base de intercambio do ser humano e son múltiples os sistemas de intercambio comunicativo que podemos empregar. Ser quen de expresar o que se quere dicir e entender correctamente o que se nos di é un elemento básico para unha convivencia pacífica e que evita problemas ou condutas non desexadas ao longo do tempo. Debemos abordar a comunicación oral a través de diálogos ou historias contadas polo alumnado. É importante dar tempo para que se expresen, conten e falen. Así mesmo estarán moi presentes na aula outros sistemas de comunicación e expresión verbal e non verbal.

- A nosa cultura. A través das festas tradicionais, da participación e da interacción nas mesmas darase a coñecer a cultura propia (de onde vimos e de onde somos). Cobra especial importancia a colaboración coas familias, a presenza das mesmas na aula para colaborar en distintas actividades, as asociacións da contorna próxima e as actividades complementarias

- A creatividade e o emprendemento. A creatividade será un aspecto artístico e estilístico na realización de actividades relacionadas coas diferentes linguaxes. Este elemento transversal tamén ten relación coa resolución de problemas e a consecución dunha maior autonomía na resposta ás distintas actividades.

- Educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable. O coidado do medio ambiente trabállase mediante a adquisición de hábitos relacionados coa reciclaxe, a utilización axeitada dos recursos, a separación de residuos nas merendas, o coñecemento do mesmo e as problemáticas que afectan á súa conservación. Intégranse aquí a flora e a fauna, así como os aspectos relacionados co cambio climático.

- O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional. Apréndese a través da emoción, polo que debemos coidar o mundo emocional do alumnado, axudalo a recoñecer o que lle pasa nun momento determinado, poñéndolle nome e, pouco a pouco, ir superando determinadas situacións. É importante respectar as emocións dos demais e saber cando se molesta a alguén, así como pedir desculpas.

